

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

CORRECCIÓN DE ERROS. Orde do 8 de xuño de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para a creación de superficies forestais, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020, e se convocan para o ano 2017.

Advertidos erros na orde publicada no *Diario Oficial de Galicia* número 115, do 19 de xuño de 2017, cómpre facer as seguintes correccións:

Na páxina 29819, no artigo 7 punto b) ii), onde di: «e só no caso de que o solicitante estea obrigado á súa colocación segundo o artigo 30.1», debe dicir: «e só no caso de que o solicitante estea obrigado á súa colocación segundo o artigo 30».

Na páxina 29820, no artigo 8 punto 2 a), onde di: «a) Poderán ser obxecto de axuda as plantacións coas especies comprendidas no anexo I desta orde», debe dicir: «a) Poderán ser obxecto de axuda as plantacións coas especies comprendidas no anexo I e no anexo II desta orde».

Na páxina 29843, no artigo 23 punto 1, onde di: «a que se refire o artigo 20», debe dicir: «a que se refire o artigo 21».

Na páxina 29853 no anexo II, engádesse «B20 Carballo americano *Quercus rubra*».

Na páxina 29854, onde di: «(*) Só para as superficies que conforme as epígrafes c), d), e) e g) do anexo 2 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia que quedan reducidas exclusivamente a frondosas caducifolias», debe dicir: «(*) Nas superficies que conforme as epígrafes c), d), e) e g) do anexo 2 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, que quedan reducidas exclusivamente a frondosas caducifolias».

